

Concello de San Sadurniño

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA PLANTACIÓNS DE FROITEIRAS DE VARIEDADES AUTÓCTONAS NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O ANO 2026-2027

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é unha terra especialmente propicia para a produción froiteira. Tradicionalmente, as árbores froiteiras formaron parte da paisaxe agraria galega e constitúen un elemento característico das hortas familiares e das pequenas explotacións agrícolas. A diversidade de solos, microclimas e condicións ambientais presentes no territorio permitiu a conservación dun amplo patrimonio de variedades autóctonas adaptadas ao medio e de grande valor agronómico, cultural e ambiental.

Nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal existen milleiros de exemplares de froiteiras tradicionais, aínda que a súa presenza non sempre se traduce nun aproveitamento produtivo axeitado nin nunha valorización acorde co potencial destes recursos. Ao mesmo tempo, moitas variedades locais enfróntanse ao risco de perda progresiva debido ao abandono da actividade agraria, ao envellecemento da poboación rural e á substitución por variedades comerciais máis estandarizadas.

Nun contexto marcado pola globalización dos mercados alimentarios e pola crecente demanda de produtos de proximidade, a produción froiteira local representa unha oportunidade para diversificar a economía rural, fomentar o consumo de produtos de quilómetro cero, reducir a pegada ambiental asociada ao transporte e contribuír á creación de valor engadido no territorio.

A recuperación e promoción das variedades autóctonas contribúe tamén á conservación da biodiversidade cultivada, á protección do patrimonio agrario tradicional e ao mantemento dunha paisaxe rural diversa e viva. Neste sentido, as novas plantacións poden constituír unha alternativa de aproveitamento agrario para parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión da biomasa previstas na normativa vixente, favorecendo o mantemento activo do territorio e contribuíndo á prevención dos incendios forestais.

O Concello de San Sadurniño vén desenvolvendo desde hai anos distintas iniciativas orientadas á recuperación, conservación e difusión das variedades froiteiras tradicionais da comarca. A través desta convocatoria pretende continuar impulsando a plantación de variedades autóctonas de maceira e ameixeira para poñer en valor estes recursos propios do territorio, promover o seu aproveitamento produtivo e contribuír á súa conservación para as futuras xeracións.

Por todo o anterior, considérase de interese público apoiar a implantación de novas plantacións de froiteiras autóctonas no municipio, contribuíndo ao desenvolvemento rural sostible, á valorización dos recursos agrarios locais, á conservación da biodiversidade cultivada e ao mantemento activo do territorio.

As maceiras, as ameixeiras e as pereiras son unhas das principais froiteiras presentes nas hortas das casas do noso Concello.

I. RÉXIME XURÍDICO E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexeráse polo establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006 que a desenvolve, na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 que a desenvolve.

Asimesmo, rexeráanse, con carácter de Bases Reguladoras, pola Ordenanza Xeral de Subvencións do

Concello de San Sadurniño

Concello de San Sadurniño, publicada no BOP de A Coruña número 232 de data 09/12/2022.

(https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/12/09/2022_0000007670.pdf).

Darase publicidade á presente convocatoria a través da sede electrónica do Concello de San Sadurniño, o Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e a Base de Datos Nacional de Subvencións.

II. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto da presente convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, é regular e fixar os criterios e o procedemento de solicitude, tramitación, concesión e cobro das axudas que outorgue o Concello de San Sadurniño destinadas a promover a plantación de maceiras autóctonas nas súas variedades tardías de Ollo Mouro e Príncipe (tamén coñecida como Ollo Branco, Landoy ou do Río Vello) e nas variedades temperás Roxelia, Da Segá e Reineta de San Bieito, así como de ameixeiras das variedades Collón de Frade e Arillo e de pereiras da variedade Urraca Lexítima.

As axudas teñen tamén como finalidade favorecer a implantación de cultivos froiteiros autóctonos como ferramenta de xestión activa do territorio e de prevención dos incendios forestais, especialmente mediante a ocupación produtiva e o mantemento das faixas secundarias de xestión da biomasa previstas na normativa vixente.

III. ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán considerados gastos subvencionables as plantas mercadas para novas plantacións de maceiras nas súas variedades de Ollo Mouro, Príncipe, Roxelia, Da Segá e Reineta de San Bieito, de ameixeiras nas súas variedades de Collón de Frade e a de Arillo e de pereiras da variedade Urraca Lexítima.

Inicialmente cada persoa beneficiaria deberá elixir soamente unha das variedades que se subvencionan na presente convocatoria. A persoa beneficiaria poderá elixir, nunha mesma solicitude, as axudas para máis variedades só no caso de que dispoña dunha extensión mínima de plantación de 2000m² para cada variedade.

Non serán subvencionables os gastos financeiros, notariais, crediticios ou periciais.

Será de aplicación en todo o municipio do Concello de San Sadurniño.

IV. PERSOAS BENEFICIARIAS

Serán persoas beneficiarias da presente convocatoria as persoas físicas que, cumprindo os requisitos previstos na presente convocatoria, posúan un terreo coa extensión mínima de plantación establecida no apartado V desta convocatoria (Requisitos da/s plantación/s).

Os requisitos que deberán cumprir as persoas beneficiarias á data de publicación da presente convocatoria serán os seguintes e acreditaranse mediante a sinatura do modelo normalizado de declaración responsable (Anexo II):

- Maiores de idade.
- Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias con calquera entidade pública e coa Seguridade Social.

Concello de San Sadurniño

- Non ser debedora por reintegro de subvención municipal.
- Non ser suscriptora de convenio con contido económico co Concello de San Sadurniño para o mesmo obxecto e finalidade (evitando a dobre financiación).
- Non estar incurso en prohibición ou inhabilitación para percibir axudas públicas.
- Deberán posuir, no momento da solicitude, a titularidade catastral da/s finca/s referenciadas ou o dereito de uso da/s mesma/s por un período mínimo de dez anos.

V. REQUISITOS DA/S PLANTACIÓN/S

As características que teñen que ter as novas plantacións son as seguintes:

- Marco de plantación mínima para as maceiras e as pereiras : 4 x 5
- Marco de plantación mínima para as ameixeiras: 4 x 4
- Extensión mínima de plantación para unha soa variedade en parcelas afectadas faixas secundarias de protección: 250m²
- Extensión mínima de plantación para unha soa variedade: 1.000m²
- Extensión máxima de plantación para unha soa variedade: 4.000m²
- Extensión máxima de plantación para dúas ou máis variedades: 6.000m²

Para os efectos do cumprimento da extensión mínima de plantación exixida para unha soa variedade de 1.000 m², poderase computar o sumatorio de ata catro parcelas catastrais distintas, sempre que cada unha delas conte cunha superficie mínima de 250 m² destinada á plantación. Neste caso as parcelas deberán conformar unha única superficie continua de plantación, existindo entre elas continuidade física mediante colindancia directa entre parcelas. Non será necesario que todas as parcelas colinden entre si, pero si que formen un conxunto territorial continuo e sen interrupcións que acade unha superficie mínima total de 1.000 m².

Tendo en conta estes requisitos das plantacións establécese que nunha superficie de 1.000m² poderá conter ata 40 plantas como máximo no caso das maceiras e pereiras e 50 plantas como máximo no caso das ameixeiras. Para o cálculo de superficies que non sexan múltiplos de 1.000 m² aplicárase unha regra de tres simple para o cálculo do número de plantas.

Con cada planta deberase colocar o correspondente protector de árbores, cunha altura mínima de 120 centímetros.

No momento da presentación da solicitude non pode existir ningún tipo de plantación das variedades presentes nesta convocatoria, na finca indicada.

Deberá respectar as distancias de plantación segundo a normativa vixente en relación ás fincas colindantes e a outras afeccións.

A/s plantación/s deberá permanecer na/s finca/s seleccionada/s durante un mínimo de 4 anos dende a resolución de concesión da axuda.

Concello de San Sadurniño

VI. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O financiamento da presente convocatoria ven dada pola existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 4311.48000, por importe total de 10.000,00 €.

O importe subvencionable será de ata 10,00 € por planta e cun límite máximo de 2.000,00 € por solicitude.

A presente subvención será compatible con calquera outra, de natureza pública ou privada, co límite do 100% do gasto.

VII. ÓRGANOS COMPETENTES PARA AVALIACIÓN E RESOLUCIÓN, PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A instrución corresponderá a un órgano colexiado conformado por 3 membros: presidente/a, secretario/a e vogal.

Unha vez avaliadas as solicitudes e instruído o procedemento, someterase a resolución da Xunta de Goberno Local, que resolverá e notificarase dito acordo cunha antelación suficiente ao prazo de xustificación, sempre dentro do ano natural.

A resolución de concesión ou denegación poñerá fin á vía administrativa, podendo interpoñerse, no seu caso, recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo de un mes dende a notificación do acordo ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol no prazo de dous meses dende a mesma data.

VIII. PRAZO DE SOLICITUDE

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde do Concello de San Sadurniño e presentaranse en:

- Rexistro Xeral do Concello. O Casal, nº16. San Sadurniño
- Sede electrónica do Concello: <https://sansadurnino.sedelectronica.gal/info>

Así mesmo, poderán presentarse as solicitudes en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na forma prevista.

O prazo de presentación de solicitudes, xunto coa documentación requirida na presente convocatoria, será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, sen prexuízo de que se lle dea publicidade tamén a través da páxina web www.sansadurnino.gal ou na Transparencia da Sede Electrónica do Concello de San Sadurniño.

Durante o prazo de presentación de solicitudes poderán reformularse as xa presentadas.

IX. DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE

Concello de San Sadurniño

As solicitudes, que deberá presentarse conforme ao modelo normalizado establecido no Anexo I da presente Convocatoria, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do NIF ou documento de identidade da persoa interesada.
- b) Fotografía/as da/s finca/s a plantar. Estas fotografías deberán ser tomadas, como máximo, un mes antes da tramitación solicitude e deberán de ser tomadas coa/s suficiente/s perspectiva/s ou referencias espaciais que permita a rápida identificación da zona onde se vai plantar.
- c) Declaración responsable, segundo modelo contido no Anexo II desta convocatoria.
- d) Certificado de empadramento no Concello de San Sadurniño (no caso de que non autorice a súa consulta).
- e) Certificado de convivencia (as persoas solicitantes de San Sadurniño que autoricen a consulta non terán que presentalo).
- f) Certificado/s de titularidade catastral (só no caso de non autorizar a consulta) ou documento dereito de uso da mesma por un período mínimo de 10 anos.
- g) Outra documentación (documento de representación, certificado de titularidade de conta bancaria, etc.).

Cada persoa beneficiaria poderá presentar unha única solicitude.

Non se poderá realizar máis de unha solicitude para unha mesma finca segundo o número de referencia catastral. Se dúas ou máis persoas beneficiarias solicitan a axuda para a mesma finca só será válida a solicitude rexistrada máis antiga segundo a orde cronolóxica.

Se a documentación que acompaña está incompleta ou é defectuosa requirirase para que, no prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar desde o seguinte á notificación do requirimento, acompañe os documentos esixidos ou emende os defectos observados, coa advertencia de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude.

X. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez presentadas as solicitudes, o órgano instructor examinará as solicitudes presentadas e avaliaraas podendo outorgar un máximo de 50 puntos por solicitude, conforme os seguintes criterios:

- A. As solicitudes presentadas por persoas empadroadas no Concello de San Sadurniño polo menos 3 meses antes da presentación da solicitude: 20 puntos.
- B. O número de persoas que integran a unidade de convivencia da persoa solicitantes:
 - Ata 2 persoas: 10 puntos
 - 3 persoas: 20 puntos
 - 4 ou máis persoas: 30 puntos

Para a avaliación das solicitudes o órgano instructor poderá realizar de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se ten que formular a proposta de resolución.

Concello de San Sadurniño

As persoas empadroadas en San Sadurniño poderán autorizar as consultas pertinentes do seu empadroamento; en caso contrario, para que se lle puntúe o empadroamento, deberán aportar o certificado de empadroamento e de convivencia cuxa antigüidade máxima sexa de 1 mes.

As persoas que non estean empadroadas no Concello de San Sadurniño deberán aportar o certificado de convivencia no seu concello de residencia cuxa antigüidade máxima será de 1 mes.

O órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se publicará na sede electrónica do Concello de San Sadurniño (<https://sansadurnino.sedelectronica.gal/info>) e concederá un prazo de dez días para presentar alegacións. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non consten no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Examinadas as alegacións aducidas polas persoas interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva.

A proposta de resolución definitiva, cando resulte procedente de acordo coa ordenanza, notificarase ás persoas interesadas.

XI. PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

A xustificación realizarase presentando o modelos normalizados de xustificación cubertos, Anexo III (xustificación de adquisición) e Anexo IV (xustificación de plantación). Será preciso acreditar a plantación feita achegando unha/s fotografía/s da/s plantación/s dende a/s mesma/s perspectiva/s ou referencias espaciais onde se poida comprobar que efectivamente se realizou a plantación solicitada.

O prazo de xustificación comezará o 01/09/2027 e rematará o 15/11/2027. Poderá solicitarse prórroga do presente prazo sempre que se solicite dentro do prazo de xustificación e que se xustifique a imposibilidade deste cumprimento derivado de causa non imputable á persoa solicitante.

Realizarase o pagamento da subvención concedida e xustificada dentro dos prazos establecidos no plan de tesouraría municipal.

XII. CONTROL

O órgano instructor poderá realizar as comprobacións necesarias respecto da axuda concedida. Poderá pedirlle á persoa beneficiaria a documentación que sexa oportuna así como concertar unha visita á plantación para fiscalizar a actuación.

No caso de que no control da execución da plantación non se cumpriran os compromisos adoptados pola persoa solicitante o Concello será causa de perda e reintegro da axuda. A perda do dereito á percepción da axuda outorgada comportará, de ser o caso, o reintegro das cantidades aboada ata ese momento, incrementada cos xuros de demora desde a data do seu pagamento, sen prexuízo das accións legais que corresponda exercer.

XIII. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, RENUNCIA E NULIDADE.

Concello de San Sadurniño

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión poderá dar lugar á modificación da axuda outorgada.

A obtención fraudulenta da axuda será causa de revogación da mesma, estando estas persoas obrigadas a reintegrar a cantidade percibida, así como os xuros de demora correspondentes, sen prexuízo das accións legais que corresponda exercer.

A persoa beneficiaria pode renunciar á axuda e queda liberada do cumprimento das cargas e condicións que se lle impuxeron. No caso de que a renuncia se produza unha vez efectuado o cobro, a persoa beneficiaria terá que proceder ao reintegro da cantidade percibida.

XIV. COMPATIBILIDADES

A concesión destas axudas serán compatibles con calquera outra que teñan por obxecto a mesma finalidade, sexa cal sexa a Administración ou entidade que as conceda, cun máximo do 100% do custo, polo que a axuda será minorada polo exceso.

XV. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPd), e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán tratados polo Concello de San Sadurniño, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de tramitar, xestionar e resolver o procedemento de concesión das axudas reguladas na presente convocatoria, así como para o cumprimento das obrigas legais derivadas da súa xestión.

A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o exercicio das competencias atribuídas ao Concello, así como o cumprimento das obrigas legais aplicables en materia de subvencións.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas e organismos competentes cando sexa necesario para a tramitación do expediente, o cumprimento de obrigas legais ou o exercicio das funcións de control e fiscalización previstas na normativa vixente.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, así como os demais dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos, mediante solicitude dirixida ao Concello de San Sadurniño.

A información adicional e detallada sobre o tratamento dos datos persoais poderá consultarse na sede electrónica e na política de privacidade do Concello de San Sadurniño.

XVI. PUBLICIDADE

As axudas concedidas serán obxecto de notificación ás persoas interesadas e faranse públicas no taboleiro de anuncios, na Sede Electrónica do Concello de San Sadurniño e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Concello de San Sadurniño

ANEXO I SOLICITUDE

AXUDAS FROITEIRAS AUTÓCTONAS

DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	NIF
ENDEREZO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO/S

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación)

NOME	APELIDOS	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

Electrónica

TELÉFONO/S	CORREO ELECTRÓNICO

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

ENDEREZO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

Concello de San Sadurniño

ANEXO I (Continuación)

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada:

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

--	--	--	--	--	--

Ou ben, achega certificado de conta bancaria:

— Certificado de titularidade de conta bancaria

SOLICITA:

A concesión da axuda para a plantación de froiteiras autóctonas segundo a Ordenanza municipal Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño:

DATOS DA FINCA E DE PLANTACIÓN A REALIZAR:				
Número de referencia catastral	Superficie a plantar (m ²) Mínimo 250 m ² (unha variedade parcelas afectadas faixas secundarias de protección) Mínimo 1.000m ² (unha variedade) Mínimo 2.000m ² cada variedade (dúas ou máis variedades)	Maceiras	Ameixeiras	Pereiras
		☐ Ollo Mouro ☐ Príncipe ☐ Roxelia ☐ Da Segá ☐ Reineta de San Bieito	☐ Collón de Frade ☐ Arillo	☐ Urraca Lexítima
		☐ Ollo Mouro ☐ Príncipe ☐ Roxelia ☐ Da Segá ☐ Reineta de San Bieito	☐ Collón de Frade ☐ Arillo	☐ Urraca Lexítima
		☐ Ollo Mouro ☐ Príncipe ☐ Roxelia ☐ Da Segá ☐ Reineta de San Bieito	☐ Collón de Frade ☐ Arillo	☐ Urraca Lexítima
		☐ Ollo Mouro ☐ Príncipe ☐ Roxelia ☐ Da Segá ☐ Reineta de San Bieito	☐ Collón de Frade ☐ Arillo	☐ Urraca Lexítima

Concello de San Sadurniño

ANEXO I (Continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- ☐ Copia do NIF ou documento de identidade da persoa interesada
- ☐ Declaración responsable (Anexo II)
- ☐ Certificado de empadramento no Concello de San Sadurniño (só no caso de non prestar consentimento)
- ☐ Certificado de convivencia (só no caso de non prestar consentimento)
- ☐ Certificado de titularidade catastral (só no caso de non prestar consentimento)
- ☐ Documento de dereito de uso (só no caso de non figurar como titular catastral)
- ☐ Fotografía/s da/s finca/s cun máximo dun mes de antigüidade
- ☐ Outra documentación: _____

☐ **Fun informado/a de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas:**

Información básica sobre protección de datos:

Responsable: Concello de San Sadurniño.
Finalidade: Tramitación e xestión da presente convocatoria de subvencións.
Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público e obrigas legais.
Destinatarios: Administracións e organismos competentes nos supostos legalmente previstos.
Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e demais dereitos previstos na normativa vixente.
Información adicional: Dispoñible na sede electrónica e na política de privacidade do Concello: <https://sansadurnino.sedelectronica.gal/privacy>

☐ **PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos da persoa solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables**

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:

San Sadurniño, ____ de _____ de 20__

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Consonte o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos neste documento serán tratados polo Concello de San Sadurniño, con domicilio en O Casal, nº 16, 15560 San Sadurniño, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de tramitar e xestionar o procedemento ao que se refire a presente solicitude. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente nos termos establecidos na información adicional sobre protección de datos dispoñible na sede electrónica municipal.

Concello de San Sadurniño

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

AXUDAS FROITEIRAS AUTÓCTONAS

DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		NIF
ENDEREZO		
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO/S	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación)

NOME	APELIDOS	NIF

DECLARA:

Que, con motivo da solicitude de axuda para a plantación de froiteiras autóctonas segundo a Ordenanza municipal Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño:

- 1) Non existe, no momento da presentación da solicitude, ningún tipo de plantación de froiteiras obxecto desta convocatoria.
- 2) Son certos os datos indicados na solicitude e na documentación achegada, e que a persoa beneficiaria solicitante ou a que a representa reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar.
- 3) A persoa beneficiaria:
 - Acepta expresamente os requisitos da convocatoria para a subvención de froiteiras autóctonas segundo a Ordenanza municipal Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño.
 - Atopase ao corrente nas súas obrigas tributarias con calquera entidade pública e coa Seguridade Social.
 - Non é debedora por reintegro de subvención municipal.
 - Non é suscritora de convenio con contido económico co Concello de San Sadurniño.
 - Non está incurso en prohibición ou inhabilitación para percibir axudas públicas.
 - Posúe a titularidade da/s finca/s referenciadas na solicitude ou dereito de uso da/s mesma/s.

Concello de San Sadurniño

ANEXO II (Continuación)

4) En relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta axuda.

☐ Si se solicitou e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta axuda, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

CONSENTIMIENTO DE COMPROBACIÓN DE DATOS De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Titularidade ou cotitularidade catastral da/s finca/s	☐ Si ☐ Non
Empadramento e convivencia en San Sadurniño	☐ Si ☐ Non

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:

San Sadurniño, ____ de _____ de 20__

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Consonte o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos neste documento serán tratados polo Concello de San Sadurniño, con domicilio en O Casal, nº 16, 15560 San Sadurniño, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de tramitar e xestionar o procedemento ao que se refire a presente solicitude. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente nos termos establecidos na información adicional sobre protección de datos dispoñible na sede electrónica municipal.

Concello de San Sadurniño

ANEXO III

XUSTIFICACIÓN DE ADQUISICIÓN AXUDAS FROITEIRAS AUTÓCTONAS

DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		NIF
ENDEREZO		
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO/S

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación)

NOME	APELIDOS	NIF

Con motivo da xustificación da axuda para a plantación de froiteiras autóctonas segundo a Ordenanza municipal Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño, aporta:

DATOS DE ADQUISICIÓN (ten que estar asinada pola persoa representante da empresa comercializadora):

Nome da empresa comercializadora			
Tipo de froita, variedade e unidades vendidas á persoa beneficiaria da axuda	Maceiras ☐ Ollo Mouro Unidades: _____ ☐ Príncipe Unidades: _____ ☐ Roxelia Unidades: _____ ☐ Da Segá Unidades: _____ ☐ Reineta de San Bieito Unidades: _____	Ameixeiras ☐ Collón de Frade Unidades: _____ ☐ Arillo Unidades: _____	Pereiras ☐ Urraca Lexítima Unidades: _____
Sinatura e datos da persoa representante da empresa comercializadora	Sinatura da persoa representante da empresa: Nome e apelidos: NIF:		

Concello de San Sadurniño

ANEXO III (Continuación)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:

San Sadurniño, ____ de ____ de 20 ____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Consonte o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos neste documento serán tratados polo Concello de San Sadurniño, con domicilio en O Casal, nº 16, 15560 San Sadurniño, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de tramitar e xestionar o procedemento ao que se refire a presente solicitude. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente nos termos establecidos na información adicional sobre protección de datos dispoñible na sede electrónica municipal.

Concello de San Sadurniño

ANEXO IV

XUSTIFICACIÓN DE PLANTACIÓN

AXUDAS FROITEIRAS AUTÓCTONAS

DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	NIF
ENDEREZO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO/S

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación)

NOME	APELIDOS	NIF

Con motivo da xustificación da axuda para a plantación de froiteiras autóctonas segundo a Ordenanza municipal Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño:

ACHEGA:

- Fotografía/s da/s plantación/s onde se poida comprobar que efectivamente se realizou a plantación solicitada.

DECLARA:

- Que o número total de unidades de froiteiras plantadas foron: _____.
- Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta axuda.

Si se solicitou e/ou concederon outras subvencións para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta axuda, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:

--

San Sadurniño, ____ de _____ de 20__

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Consonte o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos neste documento serán tratados polo Concello de San Sadurniño, con domicilio en O Casal, nº 16, 15560 San Sadurniño, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de tramitar e xestionar o procedemento ao que se refire a presente solicitude. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente nos termos establecidos na información adicional sobre protección de datos dispoñible na sede electrónica municipal.